



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP MESTRE VIDE

Paseo Mestre Vide, 4
32004 Ourense
988238551
ceip.mestre.vid@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmestrevide/>

galicia



PROXECTO EDUCATIVO



CEIP MESTRE VIDE - OURENSE

ÍNDICE

A.- ANÁLISE DO CONTEXTO

PREÁMBULO

1. O CENTRO

- 1.1. Situación: Contorno xeográfico, socioeconómico e cultural
- 1.2. Infraestrutura. Estado de conservación
- 1.3. Servizos complementarios
 - 1.3.1. Comedor escolar
 - 1.3.2. Apertura temperá
- 1.4. Tipoloxía escolar
- 1.5. Actividades extraescolares, festividade e conmemoracións
- 1.6. Adscrición

2. O ALUMNADO

- 2.1. Número de alumnos. Procedencia
- 2.2. Distribución do alumnado por cursos
- 2.3. Datos académicos máis relevantes
- 2.4. Actitude ante o estudo
- 2.5. Lingua habitual do alumnado

3. O PROFESORADO

- 3.1. Número e situación administrativa
- 3.2. Organigrama do centro
- 3.3. Órganos de xestión
- 3.4. Órganos de coordinación docente.

4. OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- 4.1. Asociación de nais e pais
- 4.2. Persoal non docente

B.- SINAIS DE IDENTIDADE



1. CONFESIONALIDADE
2. COEDUCACIÓN
3. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS
4. LINGUA BASE DE APRENDIZAXE
5. FINALIDADES E VALORES EDUCATIVOS
6. OBXECTIVOS XERAIS
7. LIÑA METODOLÓXICA
8. TEMAS TRANSVERSAIS

C.- ANEXOS

ANEXO I: REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO:

ANEXO II: PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

ANEXO III: PLAN DE ORIENTACIÓN E DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO IV: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ANEXO V: PLAN DE CONVIVENCIA

ANEXO VI: PROXECTOS LINGÜÍSTICO E LECTOR

ANEXO VII: PLAN TIC

ANEXO VIII: CURRÍCULO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ANEXO IX: CURRÍCULO DO 1º CICLO DE. PRIMARIA

ANEXO X: CURRÍCULO DO 2º CICLO DE PRIMARIA

ANEXO XI: CURRÍCULO DO 3º CICLO DE PRIMARIA

ANEXO XII: CRITERIOS DE PROMOCIÓN



PROXECTO EDUCATIVO

PREÁMBULO

Este PROXECTO EDUCATIVO *fundaméntase* no disposto na **Lei Orgánica 2/2006, de 3 maio, de Educación, (LOE)**, especialmente no **artigo 120** que establece a autonomía pedagóxica, de organización e de xestión dos centros, *baséase* nos **Decretos 130/2007 e 330/2009** que establecen os currículos da educación primaria e de educación infantil respectivamente, no **Decreto 85/2007** polo que se crea e regula O Observatorio Galego da Convivencia Escolar, no **Decreto 374/1996** polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de deducación primaria, na **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Eduación e Ordenmación Universitaria, *e está redactado* de acordo cos criterios establecidos polo consello escolar e as propostas realizadas polo claustro de profesores do centro

MARCO LEGAL Lei Orgánica 1/90 do 3 de Outubro, de Ordenación Xeral do Sistema educativo. No artigo 2, plantexase como principios educativos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional, o que supón situar como eixes da actividade educativa dúas funcións esenciais: dun lado a atención especializada e individualizada dos problemas de aprendizaxe e por outro a actividade orientadora.

No seu artigo 55 dinos que a orientación contribúe á mellora da calidade educativa.

No artigo 60 di que a titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente.

- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de Maio, de Educación.
- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- **Decreto 374/96**, do 17 de Outubro, polo que se regula o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e Educación Primaria
- **Decreto 120/98**, do 23 de Abril, que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Establece todos os aspectos relativos a orientación: composición, competencias, funcións, etc.
- **Real Decreto 943/2003**, que regula as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado.

- **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 24 de Xullo do 98**, pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/98.
- **Orde do 9 de xuño do 2016**, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.
- **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia na que se establecen como liñas prioritarias de actuación:
- Lei 3/2020 de 20 de decembro, BOE 340 do 30 de decembro 2020 LOMLOE

A.- ANÁLISE DO CONTEXTO

1. O CENTRO

1.1 Situación: contorno xeográfico, socioeconómico e cultural

O Centro de Educación Infantil e Primaria (C.E.I.P.) “Mestre Vide” é un centro educativo público que está situado na zona das Lagoas, barrio novo, ben comunicado e moi próximo ao centro urbano. Os rasgos socio-económicos e culturais das familias do alumnado do Centro son maioritariamente as que caracterizan á clase media composta fundamentalmente de funcionarios, traballadores por conta allea e algúns autónomos.

No barrio abundan os centros educativos de distintos niveis, pero son escasos os servizos culturais e de lecer. Non existen problemas de marxinación acusada ou de conflito social, nin características culturais diferenciadoras con respecto ao resto da cidade.

1.2 Infraestrutura. Estado de conservación

O Colexio encóntrase ubicado nun solar dunha superficie aproximada de 6.000 m². O edificio principal ten unha superficie edificada de 2.727 m², consta de planta baixa e de tres plantas altas, ás que se accede por dúas escaleiras. Rodeando ao edificio encóntranse 2 patios, un situado ó NW. e outro o SE.; tamén existe un patio de area e outro cuberto de aproximadamente uns 280 m². así como algunhas pequenas zonas axardinadas.

A distribución do edificio escolar é a seguinte:

PLANTA BAIXA

Dirección, secretaría, conxerxería, sala de caldeiras da calefacción, arquivo, servizos, aula de música, e comedor escolar. Biblioteca.

PRIMEIRA PLANTA:

- Aulas de Infantil
- Departamento de Orientación
- Aula de psicomotricidade
- Sala de Profesores
- Servizos de alumnos/as e profesores/as

SEGUNDA PLANTA:

- Aulas de primaria.
- Aula de educación especial.
- Aulas de audición e linguaxe
- Xefatura de Estudos.
- Servizos de alumnos/as e profesores/as.

TERCEIRA PLANTA:

- Aulas de Primaria.
- Aula de relixión e aula de medios audio-visuais. Informática.
- Aulas de Educación Especial
- Servizos de alumnos/as e profesores/as.

En cada pranta hai un botiquín de urxencias.

Tamén hai en todas elas, unha habitación de servizo para gardar os útiles da limpeza.

CONSTRUCCIÓN ANEXA AO EDIFICIO ESCOLAR:

Na entrada principal atópase unha construción anexa ao colexio distribuída do seguinte xeito:

- Salón de usos múltiples con vestiarios incluídos
- Despacho do profesor de Ed. Física
- Servizo para minusválidos
- Almacén de material deportivo
- Polideportivo
- Vestiarios dos alumnos con servizos e duchas.
- Almacén de material .

O estado de conservación das instalacións do centro é bo.

1.3. Servizos complementarios

1.3.1. Comedor escolar

O servizo de comedor escolar que oferta o CEIP Mestre Vide é da modalidade de xestión indirecta, xestionado pola Consellería de Educación, servido por unha empresa de catering e organizado polo centro coa colaboración do director/a, de persoal docente, non docente ou da comunidade escolar.

Actualmete dispón de 156 prazas subvencionadas pola Consellería de Educación no 50 %, ou na súa totalidade, dependendo dos ingresos de cada familia.

Consta de un único turno, de 14 a 16 horas. Durante este tempo os/as nenos/as son atendidos/as por catro colaboradores e un coidador/a, que os axudan e acompañan en todo momento.

Cada mes confecciónanse anticipadamente os menús en base a unha dieta equilibrada, coidando que os/as alumnos/as conquiran hábitos saudables de alimentación.

1.3.2. Acollida temperá

Polas mañás existe tamén o servizo de acollida temperá con almorzo incluído para os que así o soliciten. O horario deste servizo é de 7:30 a 09:00 horas.

1.4. Tipoloxía escolar. Horario

Este centro, como o seu nome indica, imparte as etapas de educación infantil e educación primaria: Segundo ciclo de educación infantil (tres, catro e cinco anos) e primeiro, segundo e terceiro ciclos de educación primaria (de seis a once anos).

Consta de 18 unidades: seis de infantil e doce de primaria. Tamén dispón dun departamento de orientación.

O horario escolar é de xornada lectiva única de mañá, de 09:00 horas a 14:00 horas. As actividades extraescolares desenvólvense pola tarde de 16:00 horas a 18:00 horas.

O horario de atención a pais/nais ou titores de alumnos/as é de 17:00 horas a 18:00 horas.

1.5. Actividades complementarias e extraescolares. Festividades e conmemoracións

As actividades complementarias e extraescolares son útiles para complementar a formación académica e cultural dos alumnos: Fomentan aptitudes deportivas, educan en valores, inculcan inquietudes artísticas e culturais, e promocionan actitudes favorables á convivencia, á colaboración, á igualdade, á solidariedade, ao respecto polo entorno e pola natureza e á estima do deporte e da saúde.

A Comunidade Educativa do Centro alenta, promove, apoia e organiza actividades de tipo lúdico, artístico, cultural e deportivo.

Entre as actividades complementarias e as conmemoracións que se levan a cabo durante o curso, citamos as seguintes:

- Día Mundial da Alimentación.
- Festa do Magosto.

- Día da Constitución.
- Día da Declaración de Dereitos Humanos.
- Festa do Nada
- Día da Paz.
- Día Internacional da Muller
- Festa do Entroido.
- Día Mundial dos dereitos do consumidor.
- Semana da Prensa.
- Día do Libro.
- Día Mundial da saúde.
- Festa dos Maios.
- Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- Día Mundial do Medio Ambiente.
- Exposición de traballos e Festival Fin de Curso.
- Diversas saídas a exposicións, teatros... en colaboración coas distintas institucións.

Entre as actividades extraescolares que se levan a cabo durante o curso están:

- Saídas dos diferentes ciclos (Infantil e Primaria).
- Todas as organizadas pola ANPA, programadas ao comezo de cada curso e aprobadas polo Consello Escolar.

Facilitarase o uso da Biblioteca Escolar do Centro, fomentando a lectura, tanto individual como en grupo, mediante o préstamo de libros ou organizando actividades de animación á lectura.

1.6. Adscrición:

O CEIP Mestre Vide está adscrito ao IES "AS LAGOAS", situado na mesma zona e moi próximo ao colexio.

2. O ALUMNADO

2.1. Número de alumnos/as. Procedencia

- Capacidade total: 450 alumnos.
- Infantil: 150 alumnos.
- Primaria: 300 alumnos.

A case totalidade do alumnado procede do núcleo urbano, mentres que a minoría restante procede de localidades rurais do entorno.

2.2 Distribución do alumnado por cursos

Salvo contadas excepcións, en todos os cursos hai vintecinco alumnos, número máximo que a lexislación actual permite.

2.3. Datos académicos relevantes

En terceiro ciclo de educación primaria, máis do 90% do alumnado promociona, mentres que no primeiro e segundo ciclos a promoción é case total.

2.4. Actitude ante o estudio

Os/as alumnos/as responden de xeito desigual segundo as materias, as súas capacidades, aptitudes e intereses.

Apréciase que a maioría responden positivamente aos estímulos educativos, aínda que nalgúns casos nótase certa falta de atención e interese. Os alumnos/as, a partir do 2º ciclo de primaria, xa teñen acadados hábitos de estudo e orde, ou sexa, empezan a saber organizar o seu tempo, repartíndoo entre as actividades de estudo e o tempo de lecer. É moi importante a colaboración dos pais/nais, que deben saber que o seu fillo/a precisa dun tempo diario para dedicar ás tarefas escolares.

2.5. Lingua habitual dos alumnos

A maioría do alumnado emprega o castelán como lingua habitual en todos os ámbitos da súa vida: familiar, escolar e lúdico.

3. O PROFESORADO

3.1. Número e situación administrativa


EDUCACIÓN INFANTIL: 8 profesores especialistas.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 11 profesores de primaria.
- 3 profesores especialistas en L. M. (Inglés).
- 1 profesor especialista en L. M. (Francés).
- 2 profesores especialistas en E. Física.
- 1 profesor especialista en Música.
- 2 profesores especialistas en Audición e Lenguaxe.
- 4 profesores especialistas en pedagogía terapéutica.
- 1 profesor de relixión
- 1 xefe do departamento de orientación

A situación administrativa do profesorado é estable: A maioría son mestres con destino definitivo no centro. O resto son mestres con destino provisional, en comisión de servizos ou contratados.

3.2. ORGANIGRAMA:



3.3. ÓRGANOS DE XESTIÓN

3.3.1. Consello escolar:

- Comisión económica
- Comisión para admisión dos alumnos
- Observatorio da convivencia.

3.3.2. Claustro de profesores:

- Equipos docentes.
- Coordinadores de ciclo.
- Titorías

3.3.3. Equipo directivo:

- Director/a
- Xefe/a de estudos.
- Secretario/a.

3.4. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

3.4.1. Equipos de Ciclo:

Encárganse de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe/a de estudos, as ensinanzas propias do ciclo. Agrupan a todos os profesores/as que imparten docencia no ciclo.

Terán a súa reunión tódolos primeiros martes de mes, e sempre que a comisión de coordinación pedagóxica o considere oportuno. Dita reunión será convocada polo coordinador de cada un dos ciclos.

3.4.2. Comisión de Coordinación Pedagóxica

Está integrada polo director, como presidente, o/a xefe/a de estudos, os coordinadores de ciclo, o/a xefe/a do departamento de orientación, o/a xefe/a do equipo de actividades extraescolares e o/a coordinador/a do equipo de normalización lingüística.

Reunirase o último martes de mes.

3.4.3. Equipo de Normalización Lingüística:

Está formado por un xefe/a de equipo máis un representante de cada ciclo.

Reunirase tódolos 2º martes de mes.

Obxectivos:

- Fomentar, motivar e promover o uso do galego na escola e no seu entorno social.
- Valorar e estimar a lingua galega, respectando aos demais interlocutores pero desenvolvendo ao mesmo tempo unha conciencia crítica.
- Comprender mensaxes orais e escritos de acordo coa súa idade.

As funcións específicas, de cada un dos equipos que compoñen os órganos de coordinación docente, veñen determinadas pola lei e recollidas no RRI do Centro.

3.4.4. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:

Este equipo está formado por un Xefe/a de equipo e polos coordinadores de ciclo. Encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

O/a xefe/a de equipo é designado polo director do centro, a proposta do xefe/a de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica.

As funcións do xefe/a de equipo, que actuará baixo a dependencia directa do xefe/a de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo, están recollidas no Regulamento de Réximen Interno do centro.

3.4.5. Tutorías e acción tutorial

A **acción tutorial** é o primer nivel da orientación no centro que está directamente relacionado co alumnado.

Esta **acción** vai dirixida a que os alumnos/as, especialmente aqueles con necesidades educativas especiais ou con problemas socioculturais ou de integración, a través da atención personalizada, avancen na súa madurez e personalidade, considerando o seu rendemento académico, os aspectos humanos, as necesidades e os intereses persoais e procurando a colaboración, a convivencia e o traballo en equipo entre todos.

Cada grupo de alumnos terá un **titor**, que manterá unha relación fluída cos pais a través das entrevistas. Con este fin terá unha reunión ao comezo de curso e cando o considere oportuno. A recepción de pais e nais ou titores legais dos alumnos/as será os martes, de 17 a 18 horas. Se algún deles non poidese acudir nese día e hora, poderá ser recibido polo titor noutro momento, sempre e cando previamente concerte a entrevista. En calquera caso, o titor poderá solicitar a presenza dos pais no centro, cando o considere necesario.

O centro, a través da dirección e da xefatura de estudos, promoverá e procurará a formación na acción tutorial, de modo que o titor desenvolva e afiance o seu interese e sensibilidade ante as necesidades e problemas dos alumnos/as, e poida ser, así mesmo, axente esencial na formación destes, fortalecendo a súa personalidade, a súa creatividade e a súa responsabilidade ante o traballo e o estudo, o seu sentido da convivencia, da tolerancia e do respecto mutuos, a súa colaboración cos demais e a súa participación na vida do colexio.

Os ámbitos do plan de acción tutorial serán:

Ensinar a ser persoa:

Potenciando o autoconceito e desenvolvendo a autoestima. Isto supón unha intervención “en positivo”, evitando calquera tipo de descalificación do alumno/a por parte de mestres e de pais.

Ensinar a convivir:

Trátase de fomentar a cooperación entre os escolares e o respecto ás normas de convivencia do centro e da aula.

Ensinar a pensar:

Plantexando programas específicos para “ensinar a pensar” mediante actividades e programas que favorezan o ensino das técnicas básicas da aprendizaxe e da autonomía dos alumnos/as para a adquisición dos saberes, “aprender a aprender”.

A acción titorial sera adecuada á realidade de cada ciclo ou nivel.

As funcións do mestre titor encóntranse reguladas no Regulamento de Réxime Interno e no Plan de Acción Titorial que constitúen anexos I e III respectivamente a este Proxecto Educativo..

4. OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR

4.1. Asociación de nais e pais

A asociación de nais e pais (ANPA) do ceip Mestre Vide está legalmente constituída, formada por un gran número de familias e organizada pola xunta directiva.

A súa misión é dar apoio aos pais e nais dos alumnos/as do centro en aqueles asuntos que consideren oportunos en relación coa boa marcha do centro e sempre en beneficio dos alumnos/as.

A ANPA organiza as actividades extraescolares que se desenvolven en horio de tarde, así como as viaxes culturais que realizan oa alumnos/as ao longo do curso.

4.2. Persoal non docente

O centro conta con dous coidadores/as, con un conserxe e con persoal de limpeza dependente do Concello.

B.- SINAIS DE IDENTIDADE

1. CONFESIONALIDADE

O Colexio “**Mestre Vide**”, é un centro laico e público independente de todo grupo político ou ideolóxico. Declárase “aconfesional” como institución, sendo respectuoso coas crenzas individuais dos seus membros que non vaian en contra dos principios básicos do ensino e da convivencia.

2. COEDUCACIÓN

Este centro practica unha educación para a igualdade, sen discriminación por razóns de raza, sexo, crenza ou de calquera outra circunstancia, procurando que todas os alumnos/as desenvolvan satisfactoriamente as súas aptitudes e capacidades.

3. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

Este centro maniféstase respectuoso coas ideoloxías políticas dos membros da comunidade educativa.

Así mesmo, busca potenciar os valores dunha sociedade pluralista e democrática, especialmente a solidariedade, reponsabilidade, xustiza, respecto aos demais, actitude de participación e de diálogo, educación para a conservación e mellora do medio ambiente, a paz e o respecto e colaboración entre os pobos.

4. A LINGUA BASE DE APRENDIZAXE

Ao tratarse dunha Comunidade Autónoma bilingüe, falarase o castelán e o galego indistintamente. Non obstante, dado que a zona onde está ubicado o colexio é maioritariamente castelán-falante, a lingua básica de aprendizaxe será o castelán, respectando sempre o lexislado para o uso das dúas linguas oficiais.

5. FINALIDADES E VALORES

5.1.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS

A comunidade educativa deste centro intenta promover e desenvolver as iniciativas tenden a fomentar a dimensión pública da sociedade civil na que estamos inmersos e alcanzar un nivel óptimo de convivencia entre todos os membros que a constitúen. Concibe a educación como un servizo á sociedade e ó entorno no que está ubicado o centro para o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado. Participa da concepción da educación como un importante elemento compensador de desigualdades sociais.

5.2.- A NIVEL HUMANO

Este centro, de acordo cos ámbitos culturais e educativos que lle son propios, constitúese nunha institución que, atendendo sempre ás necesidades e intereses sociais do seu entorno, contribúa mediante a formación dos seus alumnos, ao progreso e mellora da súa comunidade, facendo que se interesen pola súa Terra, coñecendo e sabendo apreciar a súa cultura, tradicións e valores, e implicándose nos problemas do contexto social e cultural no que viven.

O centro comprométese a educar aos seus alumnos/as, para a liberdade, responsabilidade e madureza persoais, no convencimento de que unha educación integral forma homes e mulleres responsables, solidarios e comprometidos cun mundo mellor e máis xusto.

5.3.- A NIVEL ACADÉMICO

Esta comunidade propónse como meta unha educación de calidade co obxecto de axudar a conquistar o éxito académico do seu alumnado. Para iso, os equipos docentes realizarán unha

preparación e planificación adecuadas das materias procurando que os alumnos/as cheguen a “aprender a pensar” e a “aprender a aprender”, desenvolvendo as súas capacidades intelectuais mediante unha participación activa nas tarefas escolares. Sempre terán en conta os conceptos previos e os diferentes estilos de aprendizaxe, así como as deficiencias dos alumnos/as menos preparados/as e de aqueles con necesidades educativas específicas.

5.4.-VALORES CONCRETOS QUE PRIORITARIAMENTE SE FOMENTAN.

- Defensa da liberdade de cátedra.
- Liberdade de conciencia do alumnado.
- Calidade do ensino(non só como adquisición dun nivel de coñecementos)
- Desenvolvemento integral da persoa.
- Despertar o interese no alumno/a.

5.5.- HÁBITOS E CONDUCTAS QUE FOMENTA

Para logo seguir a súa aprendizaxe constante na vida:

- Emprender as iniciativas propias.
- Elaborar os criterios.
- Fomentar o espírito crítico.
- Impulsar o razoamento.
- Interpretar as súas propias experiencias.
- Expresar a súa propia afectividade e creatividade.

6. OBXECTIVOS

6.1. XERAIS DO CENTRO:

- Facer que o centro sexa un lugar propicio para o desenvolvemento das aptitudes dos alumnos/as e da súa formación en valores, procurando acadar un clima saudable.
- Favorecer a integración dos alumnos/as con necesidades educativas especiais, concienciando a toda a Comunidade Educativa na necesidade de respectar os dereitos destes alumnos/as, utilizando fórmulas que potencien a colaboración, cooperación e respecto ás diferencias.
- Levar a cabo o proceso educativo dentro dun modelo de tolerancia e respecto mutuo, en orde á consecución dos fins da educación que define a lexislación vixente.
- Promover o dereito de todos os membros da comunidade escolar a intervir nas decisións que lles afecten, a través dos seus representantes.
- Desenvolver a autonomía e a responsabilidade de todas as persoas que integran a comunidade educativa do centro.

- Manter coa comunidade e co entorno do centro unha relación comunicativa e aberta ao diálogo.

6.2. XERAIS DAS DIFERENTES ETAPAS E DE ED. ESPECIAL:

EDUCACIÓN INFANTIL:

- Formación do alumno/a como ser físico, afectivo, intelectual e social, tendo en conta as características da súa personalidade, educándoo dentro dun ámbito de liberdade e autocontrol que o inicie progresivamente no sentido da responsabilidade e confianza en sí mesmo.

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA:

- Procurar o desenvolvemento das capacidades de participación fomentando a súa creatividade e sensibilidade estética para favorecer a súa personalidade.
- Adquirir hábitos de orde, limpeza e conservación do seu entorno habitual, así como descubrir as necesidades do coidado das plantas.
- Coordinación con Preescolar e 2º Ciclo de Primaria.

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA:

- Conseguir que os alumnos adquiren hábitos, destrezas e técnicas de estudo eficaces e apropiadas para a súa formación e instrución de acordo cos niveis que marca a lei.
- Actuar e desenvolverse con autonomía nas actividades cotiás e nos grupos sociais próximos, recoñecendo as súas posibilidades e limitacións.
- Coñecer e dominar o propio corpo, contribuíndo activamente ao seu desenvolvemento harmónico.

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA:

- Lograr unha firme consolidación das destrezas básicas que aseguren as aprendizaxes posteriores.

- Potenciar as actividades que favorezan a socialización para que os alumnos se integren na sociedade de forma crítica e creativa, e desenvolvan así a súa autonomía persoal.
- Realizar as actividades interdisciplinares no ámbito do ciclo e da etapa.

EDUCACION ESPECIAL:

- Lograr en cada un dos alumnos/as o seu desenvolvemento individual.
- Conquerir os hábitos e destrezas para acadar unha maior integración na sociedade.
- Lograr que os alumnos/as adquiran hábitos de lectura, cálculo e escritura comprensivas, segundo o seu nivel madurativo.

6.3. XERAIS DOS ALUMNOS:

Referentes a HÁBITOS:

- Estudo
- Traballo
- Dominio de si mesmo
- Adquisición de coñecementos

Referentes a CAPACIDADES:

- Atención e observación
- Análise
- Reflexión
- Creatividade e organización
- Decisión
- Participación/ comunicación
- Expresión/ comunicación

Referentes a ACTITUDES e VALORES:

- Responsabilidade
- Disciplina e orde
- Sinceridade
- Xenerosidade
- Tolerancia
- Autocrítica
- Sensibilidade artística
- Relixión / Ética

Referentes a INTEGRACIÓN:

Na convivencia: diálogo, cordialidade, respecto e solidariedade, rechazando calquera tipo de discriminación ou limitación.

7. LIÑA METODOLÓXICA:

Os criterios metodolóxicos de carácter xeral son eleixidos polos equipos docentes e conteñen unha adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado. Así mesmo, inclúen a distribución por ciclos dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada etapa ou nivel.

7.1. METODOLOXÍA:

Estará deseñada e adecuada para conseguir un ensino activo, creativo e reflexivo.

Levaranos aos seguintes fins:

- Ao fomento dun tipo de alumnado responsable.
- Ao favorecemento da aprendizaxe significativa.
- Á búsqueda prioritaria de actitudes.
- Hacia unha aprendizaxe comprensiva.

7.2. PROCEDEMENTOS E ESTRATEXIAS:

- Propostas curriculares dos profesores.
- Participación dos alumnos na organización das actividades.
- Valoración dos progresos dos alumnos.
- Elaboración das unidades didácticas, considerando a educación en valores e tendo presente os temas transversais.
- Elaboración do material.
- Fluída comunicación cos pais.
- Organización de campañas cumprindo obxectivos formativos.
- Celebracións.
- Conmemoracións.

8. TEMAS TRANSVERSAIS

O noso Centro, no desenvolvemento das súas actividades, velará pola formación dos alumnos/as nos seguintes temas transversais.

- Educación moral e cívica: este tema transversal está implícito no desenvolvemento de dereitos e obrigas do alumnado e profesorado, que fan posible unha convivencia adecuada no noso centro.
- Educación para a paz: cada ano o trinta de xaneiro conmemórase o día da paz con

distintos actos. Así mesmo, nas aulas hai un traballo paralelo para a concienciación da importancia que ten a convivencia pacífica, rexeitando todo tipo de violencia entre os seres humanos.

- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos: con anterioridade xa reflectimos o tratamento específico que ten este tema e a importancia que lle damos neste centro educativo.
- Educación ambiental: a comunidade educativa está moi sensibilizada e colabora activamente en todas as campañas que se levan a cabo neste eido, como por exemplo, a clasificación de papel para reutilizar ou reciclar, carteis alusivos ó aforro enerxético, recollida de pilas e participación en concursos relacionados con este tema.
- Educación para a hixiene, saúde e a sexualidade: aparte da aprendizaxe de costumes para unha boa hixiene que constan nos distintos currículos, os alumnos deben ducharse logo das clases de educación física e lavar as mans antes e despois da comida e ceiplar os dentes.

Preténdese que nos vindeiros cursos se levan a cabo actividades de educación vial

Con respecto á saúde, todos os cursos realizan as seguintes actividades: charlas sobre hixiene bucodental, información e uso de protectores solares, charlas e actividades sobre a anorexia e a bulimia, o alcoholismo e a prevención do tabaquismo, primeiros auxilios, etc.

ANEXOS

Incorpóranse a este Proxecto Educativo, como parte integrante do mesmo, os seguintes anexos:

ANEXO I: REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO:

ANEXO II: PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

ANEXO III: PLAN DE ORIENTACIÓN E CRITERIOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO IV: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ANEXO V: PLAN DE CONVIVENCIA

ANEXO VI: PROXECTOS LINGÜÍSTICO E LECTOR

ANEXO VII: PLAN TIC


ANEXO VIII: CURRÍCULO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ANEXO IX: CURRÍCULO DO 1º/2º DE PRIMARIA

ANEXO X: CURRÍCULO DO 3º/4º DE PRIMARIA

ANEXO XI: CURRÍCULO DO 5º/6º DE PRIMARIA

ANEXO XII: CRITERIOS DE PROMOCIÓN



DILIXENCIA

Dilixencia para facer constar que este Proxecto Educativo foi aprobado polo Claustro de Profesores do CEIP Mestre Vide con data 16 de marzo de 2010.



Ourense, 18 de marzo de 2020.

Vº Prce.
O Director

O Secretario

Juan Manuel Regal Lamelo

M^a José Caride



Dilixencia para facer constar que este Proxecto Educativo foi aprobado polo Consello Escolar do Centro con data 27 de abril de 2017

Ourense, a 28 de abril de 2017.

V^o Prce.
O Director

O Secretario

Juan Manuel Regal

M^a José caride

